

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CEIP ÁLVAREZ LIMESES- CURSO 2021/22

ACTIVIDADE	NIVEL	DÍA	ESPAZO	HORA	PREZO MENSUAL SOCIO ANPA	PREZO MENSUAL NON SOCIO ANPA
COCIÑA PEQUECHEF	Infantil	Luns	Comedor	16:30 a 17:25	18€ Con material	23€
OBRADOIRO CREATIVO DE ARTES PLÁSTICAS	Primaria	Luns	Comedor	16:30 a 17:55	19€ Hora e media (sen material)	24 € Hora e media (sen material)
INICIACIÓN AOS DEPORTES DE EQUIPO	Infantil e 1º Primaria	Luns	Ximnasio / patio infantil	16:30 a 17:25	15 €	20 €
MULTIDEPORTE	Primaria	Luns	Ximnasio /patio	17:35 a 18:30	15 €	20 €
BALONCESTO	Primaria	Luns	Patio	16:30 a 17:25	15 €	20 €
XADREZ	Primaria	Luns	Comedor	16:30 a 17:25	15€	20 €
EXPRESIÓN MUSICAL	Infantil e 1º de Primaria	Martes	Ximnasio	16:30 a 17:25	15 €	20€
FÚTBOL	6º Infantil, 1º e 2º Primaria	Martes	Patio	17:35 a 18:30	15 €	20 €
FÚTBOL	3º a 6º Primaria	Martes	Patio	16:30 a 17:25	15€	20€
TAEKWON-DO	Primaria	Martes	Ximnasio	17:35 a 18:30	15 €	20 €
XOGANDO E CREANDO EN INGLÉS	4º e 5º Infantil	Mércores	Comedor	16:30 a 17:25	15 €	20€
	6º infantil e 1º primaria			17:35 a 18:30		
DEBUXO E PINTURA	Primaria	Mércores	Comedor	16:30 a 17:55	19€ Hora e media (sen material)	24 € Hora e media (sen material)
INFORMÁTICA (con mecanografía)	1º a 3º Primaria	Mércores	Aula de informática	16:30 a 17:25	15 €	20€
	4º a 6º primaria			17:35 a 18:30		
EXPERIENCIAS DE CIENCIA	Primaria	Mércores	Comedor	17:35 a 18:30	17 € (Con material)	22 € (Con material)
OBRADOIRO DE CINE	3º a 6º Primaria	Mércores	Ximnasio	16:30 a 17:55	20€ Con material	25€ Con material
SKATE (monopatin)	Primaria	Mércores	Patio	16:30 a 17:25	15€ Equipo non incluído	20 € Equipo non incluído
BALLET	Infantil e 1º primaria	Xoves	Ximnasio	17:35 a 18:30	15 €	20 €
PATINAXE INICIACIÓN	6º Infantil e Primaria	Xoves	Patio	16:30 a 17:25	15 € Equipo non incluído.	20€ Equipo non incluído
PATINAXE AVANZADO	Primaria	Xoves	Patio	17:35 a 18:30	15€ Equipo non incluído.	20€ Equipo non incluído
XIMNASIA RÍTMICA	Primaria	Xoves	Ximnasio	16:30 a 17:25	15 €	20 €
OBRADOIROS DE CONTOS E XOGO DRAMÁTICO	Infantil	Venres	comedor	16:30 a 17:25	15€	20€
ROBÓTICA LEGO	1º a 3º Primaria	Venres	Aula informática	16:30 a 17:25	15 €	20 €
ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN	4º a 6º Primaria	Venres	Aula informática	17:30 a 18:30	20 €	25 €
BAILE MODERNO	primaria	Venres	Ximnasio	16:30 a 17:25	15 €	20 €
FÚTBOL	3º a 6º Primaria	Venres	Patio	16:30 a 17:25	15 €	20 €
IOGA EN FAMILIA Neno/a + adulto	Infantil e Primaria	Venres	Ximnasio	17:35 a 18:30	25€ neno+adulto	30€ neno/ adulto

*Este curso como medida de prevención COVID-19, as actividades terán unha duración de 55 minutos ou de unha hora e vinte cinco minutos para evitar aglomeracións nas entradas e saídas e ventilar o interior entre cambios de actividade .

*Para todas as actividades que se desenvolvan no ximnasio, os nenos e nenas deberán levar deportivas limpas que non usen na rúa e de sola que non manche o parqué do ximnasio.

BREVE DESCRICIÓN DALGUNHAS DAS ACTIVIDADES DO CALENDARIO	
COCIÑA PEQUECHEF	A cociña para nenos/as como unha actividade prazenteira e divertida na que poden participar. A través da experimentación con diferentes alimentos e elaboracións e facendo uso dos cinco sentidos, os/as nenos/as converteranse nuns/nunhas auténticos/as chefs.
INICIACIÓN AOS DEPORTES DE EQUIPO	Actividade deportiva que precede á ensinanza directa de cada un dos diferentes deportes colectivos (baloncesto, fútbol, balonmán, voleibol, ...) na que aprenderán divertíndose de acordo co seu proceso evolutivo, sen especialización e incidindo naqueles aspectos relacionados coa adquisición natural das distintas capacidades.
MULTIDEPORTE	Actividade física na que se pretende potenciar a práctica deportiva como forma de lecer saudable para mellorar a condición física ao tempo que se desenvolven valores como o compañeirismo, o traballo en equipo e a deportividade. Os deportes nos que se iniciarán son entre outros: atletismo, fútbol, balonmán, baloncesto e voleibol.
EXPRESIÓN MUSICAL	Esta actividade contribúe ao desenvolvemento global do nenos/a. A través de bailes, cancións, xogos, contos musicais e a interpretación con voz e con instrumentos de percusión desenvolveremos as capacidades de atención, concentración, expresión corporal e ritmo dunha forma creativa e divertida.
INFORMÁTICA (con mecanografía)	Os/as participantes aprenderán a sacarlle un maior rendemento ao ordenador como ferramenta indispensable que lle axude nas súas tarefas escolares. Aprenderán: mecanografía, o manexo de diversos programas (cálculo, escritura, presentacións...), navegación segura na rede e recomendacións sobre seguridade e saúde fronte ao ordenador.
XOGANDO E CREANDO EN INGLÉS	A finalidade da actividade é introducir progresivamente ós/ás nenos/as na lingua inglesa a través da escoita activa ao tempo que se lles anima a utilizala en contextos lúdicos e distendidos. Combina a elaboración de sinxelas obradoiros e actividades lúdicas, como xogos, bailes e cancións, relacionadas con bloques de contidos (os animais, a familia, o tempo, as cores...).
CIENCIA DIVERTIDA	Con este obradoiro facemos un achegamento ao mundo da ciencia a través de experimentos sinxelos que servirán de base para a explicación científica dos fenómenos e leis científicas, axudarán a nenos/as a entender o mundo que os rodea, a comprender os fenómenos e a entender cómo funcionan os obxectos e feitos aos que se enfrontan cada día..
SKATE (monopatin)	É unha actividade deportiva, derivada do surf, que axuda a desenvolver o equilibrio e o control corporal a través de movementos exercicios realizados sobre unha táboa. Esta práctica implica dunha banda unha correcta coordinación sensorio-motriz e doutra a aprendizaxe do control sobre o risco: mellorando a coordinación e o equilibrio dos/as participantes, minimizando continxencias e mellorando o nivel persoal de cada un.
OBRADOIRO DE CINE	Con esta actividade queremos aproximar aos nenos e nenas ao funcionamento do mundo do cine visto desde dentro, para o que deberán traballar en equipo para converterse en actores e actrices, guionistas, cámaras, maquilladores, estilistas.... Crearán dende cero a súa propia película, chegando a acordos entre eles/as e ao final estrearán a súa propia obra.
CONTOS E XOGO DRAMÁTICO	A través dos contos promovemos o hábito lector e son unha ferramenta perfecta para o desenvolvemento da linguaxe oral e a expresión corporal a través do xogo dramático. Ademais son un excelente transmisor de cultura e de fomento de valores.
ROBÓTICA LEGO	Nesta actividade o neno/a, a través da metodoloxía de proxectos, aprenderá a construír diferentes modelos LEGO, desde construcións simples a mais complexas que se poden ser monitorizadas e automatizadas a través de un ordenador utilizando un software de control.
ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN	Nesta actividade os nenos e nenas combinan o uso de diferentes elementos como son LEGO WeDo, kits de robótica programables, o programa Scratch ou placas de hardware libre Arduino para iniciarse na linguaxe de programación e con eles dar as súas primeiras instrucións aos robots. Coa programación conséguese estruturar a mente para poder resolver problemas de forma lóxica, dividindo e analizando o problema para atopar a solución.
IOGA EN FAMILIA Neno/a + adulto	Ioga en familia é unha actividade para crear lazos entre pai/nai e fillo/a. É un tempo de calidade xuntos no que a través dos exercicios do ioga, aprendemos a respirar mellor, concentrarnos, relaxarnos, estirarnos e coñecer mellor o noso universo corporal e emocional.

FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES:

- **PLAN DE CONTINXENCIA PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021-22:** A empresa Anias dispón dun plan de continxencia específico para aplicar nas actividades extraescolares, baseado no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos Centros de Ensino non Universitarios de Galicia para o curso 2021-22.
- **DATA DE REALIZACIÓN** do 1 de outubro de 2021 ao 15 de xuño de 2022 (As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. No días que coincidan con festivos ou días non lectivos non haberá clase nin serán recuperables, e o importe da cota manterase invariable ao longo do curso).
- **INSCRICIÓN:** Durante o mes de setembro mediante folla de inscrición que se entregará por calquera destes sistemas: por e-mail a extraescolares@anias.es, deixándoa na caixa de correo da ANPA (na entrada principal do colexio) ou na oficina de Anias ata o día **27 de setembro**. Durante o curso: por e-mail ou na oficina de Anias antes do día 20 do mes anterior a comezar na actividade. Para comezar nas actividades deberán entregar a ficha de inscrición debidamente cumprimentada.
- **COBROS.** As actividades extraescolares cobraranse por medio de domiciliación bancaria **nos primeiros quince días do mes** (excepto no mes de outubro, que se pasará na terceira semana).
- **BAIXAS:** Solicitando, cubrindo e entregando a ficha específica antes do día 20 do mes anterior no que se solicita a baixa. A ficha pódese solicitar por correo electrónico, de forma presencial na nosa oficina ou ao monitor/a da actividade. Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente.
- **Nº DE NENOS/AS POR ACTIVIDADE.** O número mínimo e máximo de alumnos/as nas actividades axustarase en todo momento á actualización da normativa sanitaria en materia de prevención COVID-19. En todo caso de non chegar a un número mínimo de participantes 6/8 (en función da actividade), ANIAS resérvase o dereito de non iniciala, informando telefonicamente ás familias interesadas.
- **INFORMACIÓN ANIAS:**
Oficina: Rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. Horario de mañá: 9:30 a 14:00 h.
Correo electrónico: anias@anias.es /extraescolares@anias.es
Teléfonos: Oficina 986 864 598 - Coordinación tardes 685 535 202 (Cristina), 649 34 64 57 (Ana)



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS POR FANPA PONTEVEDRA E XESTIONADAS POR ANIAS PARA ALUMNADO DOS CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA

PLAYING ENGLISH

As clases son impartidas con dinámica de conversa, buscando un camiño natural á aprendizaxe do idioma, sen traducións e sen tarefas para a casa co fin de non recargar os actuais estudos dos alumnos/as.

Inscricións a partir dos 3 anos con inglés lúdico. A partir dos 7 anos os/as alumnos/as poderanse presentar ao exame internacional do LONDON TRINITY COLLEGE. Con este propósito os/as alumnos/as contarán cun libro de preparación dos exames internacionais que terá un custo de 30€

CENTRO	DÍA	HORARIO	PREZO SOCIOS ANPA	PREZO NON SOCIOS
CEP Campolongo	Luns e mércores	16:30 a 17:30 e de 17:30 a 18:30	36 €	42 €
CEIP Froebel	Luns e mércores	16:30 a 17:30 e de 17:30 a 18:30	36 €	42 €
CEIP Álvarez Limeses	Martes e xoves	16:30 a 17:30 e de 17:30 a 18:30	36 €	42 €
CEIP Vilaverde	Martes e xoves	16:00 a 17:00 e de 17:00 a 18:00	36 €	42 €
CEIP Cabanas	Martes e xoves	17:00 a 18:00 e de 18:00 a 19:00	36 €	42 €

ABACO PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

É un programa de exercicio mental integral que utiliza como ferramenta principal o ábaco xaponés, exercitando diversas capacidades como son: **a atención selectiva e a concentración**, necesarias para calquera modalidade de aprendizaxe; **a memoria auditiva e visual e a destreza do cálculo mental** que axudan a establecer unha base sólida para o logro académico.

PREÁBACO PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Favorece a aprendizaxe dos números, a contar correctamente cun apoio visual e manipulativo e a organizar a estrutura mental do cálculo, estimula o xogo ordenado e preciso co ábaco para adestrar a atención e promover a creatividade ao tempo que fomenta o interese e a motivación de logro.

ACTIVIDADE	CENTRO	NIVEL	DÍA	ESPAZO	HORARIO	PREZO SOCIOS ANPA	PREZO NON SOCIO
TALLER DE ÁBACO	CEIP Álvarez Limeses	Primaria	Luns	Comedor	16:30 a 18:00	30 €	35 €
TALLER DE ÁBACO	CEP Campolongo	Primaria	Xoves	Comedor	16:30 a 18:00	30 €	35 €
TALLER DE ÁBACO	CEIP Praza de Barcelos	Primaria	Mércores	Aula	16:30 a 18:00	30 €	35 €
PREÁBACO	CEIP Praza de Barcelos	Infantil	Venres	Comedor	16:30 a 17:30	20 €	25 €

ACTIVIDADE DE SURF OFERTADA POR ANIAS CO RIDERS SURF SCHOOL

ESPAZO	ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	DÍA	HORA	PREZO SOCIOS ANPA	PREZO NON SOCIOS ANPA
SURF	Praia de A Lanzada	A partir de 2º Primaria	Sábados a partir de marzo /abril	11:00 a 13:00	60 € neno/a 100€ neno/a + adulto (equipo Incluído)	65€ neno/a 105€ neno/a + adulto (equipo Incluído)

Máis información sobre inscrición e funcionamento das actividades en:

ANIAS: TEL: 986 86 45 98 - 649 34 64 57 – 685 535 202 – extraescolares@anias.es - www.anias.es

FANPA: www.nontedurmas.org